

David DURÁN ARUFE

**Contemplación: - *Karesansui***

Dei contemplado  
sereno  
como a árbore  
-mesmo cando a están a cortar-  
...Karesansui:

[Cru o ar,  
i eu.  
e máis nada]  
[area e rochas]  
[Cru a distancia  
e a mañá]

Ar,  
consciencia do ser,  
e máis nada.

[gorxa do tempo]

Area,  
fútil pasaxe  
alivio da miña gravidade,  
da miña humanidade  
que leva e trae,  
e leva.

[marea do pensamento]

E as rochas, que baixo a xema do tempo  
dan tregua ao medo.

[abrigo da mente]

Espíritos inexpugnables, inalterables,  
e alterables.

Rochas que dan espazo ao baleiro,  
e forma ás miñas miradas.

Rochas e menos todo.

[..... ]

O instante (fuxido).  
O instante son eu.

Cru o ar  
i eu

[cru a distancia]

O tempo...

e máis nada.

### Media Noite

A quietude da escuridade que prepara o día  
penetra na conciencia  
e transfírese á colocación dos obxectos  
que pasan a ocupar o seu lugar.

A nitidez da noite que esquece o día  
non deixa lugar a dúbidas

Os insectos,  
pensamentos fugaces  
dan volume á paisaxe lenta,  
case lunar.

O vento, de ritmo xusto  
-case oportuno-  
recorda a túa situación:

A noite parece non ter fin,  
detrás da parede  
pasa un coche.

O instante non ten presa  
parece deixarse coller.

O momento escíndese.

O tempo esmagador,  
o latexo do corazón,  
o sangue que circula,  
o pensamento omnipresente  
sitúante na media noite  
e conclúente a medio camiño.